


2007

IGADI ANNUAL REPORT 2007-2008

Transitando cara unha estabilidade multipolar



www.igadi.org

INSTITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL



ANNUAL REPORT 2007-2008



En Galicia temos opinión do Mundo



Transitando cara unha estabilidade multipolar



En Galicia temos
opinión do Mundo

Dirección: Xulio Ríos. **Equipo colaborador:** David Alvarado, Fernando Bruna, Alberto Estévez, Jared Larson, Roberto Mansilla, Masashi Oki, Yolanda Román, Enrique Sáez, Manoel Santos, Carlos Teijo, Ramón Varela Díaz. **Capa, maqueta e edición electrónica:** Fernando Pol Trigo.

Índice

Presentación

Transitando cara unha estabilidade multipolar	4
---	---

1. As claves de 2007

1.1. China, potencia mundial	5
1.2. O retorno de Rusia	5
1.3. Os dilemas da UE	6
1.4. Reacomodos en Oriente Próximo	6
1.5. Petróleo a 100 dólares	7

2. Perspectivas para 2008

2.1. Cambio demócrata na Casa Branca?	7
2.2. Fin do laborismo en Gran Bretaña?	8
2.3. Caerá Musharraf en Paquistán?	8
2.4. Consolidarase o espertar de África?	9
2.5. Cambio de ciclo en América Latina?	10

3. Reflexións por áreas xeográficas

3.1. Magreb 2007: entre ameaza terrorista e inmovilismo, por <i>David Alvarado</i>	11
3.2. Xapón: emancipación e inestabilidade, por <i>Masashi Oki</i>	13
3.3. China: centrando o crecemento, por <i>Xulio Ríos</i>	14
3.4. Estados Unidos: Bush segue ao mando, por <i>Jared Larson</i>	15
3.5. América Latina: cara un modelo propio?, por <i>Roberto Mansilla</i>	16
3.6. Unión Europea: o ano de Sarkozy, por <i>Enrique Sáez</i>	17

4. Reflexións transversais

4.1. Cambio climático 2007: un ano perdido, por <i>Ramón Varela Díaz</i>	18
4.2. A conxelación global dos dereitos humanos, por <i>Yolanda Román</i>	19
4.3. O comercio de armas: algunhas luces, pero moitas sombras, por <i>Alberto Estévez</i>	22
4.4. Altermundialismo: África e o renacer das resistencias, por <i>Manoel Santos</i>	23
4.5. Claroscuros na axuda ao desenvolvemento, por <i>Carlos Teijo</i>	25
4.6. Comercio internacional: crece pero abanea, por <i>Fernando Bruna</i>	26

O.

Presentación

Transitando cara unha estabilidade multipolar

Entramos no terceiro tempo da posguerra fría. O primeiro, desenvolveuse a partir dos inicios dos anos noventa do século pasado, cando a desfeita soviética acentuou o perfil hexemonista do sistema internacional. O segundo xurdiu a partir de 2001, cando o desafío terrorista brindou un argumento incontestable para moldear o sistema internacional conforme aos desigños da única superpotencia. Ese tempo está chegando ao seu fin, e podería pecharse co remate do mandato de Bush en 2008. Á incapacidade demostrada (e agravada

polo recurso a calculadas falsedades que deberían ser obxecto de axuizamento polas enormes calamidades provocadas) para afrontar en solitario ou con minguadas alianzas algúns dos maiores desafíos estratéxicos globais, sumase a incorporación de novos asuntos á axenda internacional e a afirmación de novos actores que comezan a dar mostras de autonomía, plasmando, nos feitos e no discurso, os primeiros indicios claros dunha nova conxuntura. A delicada situación económica de EEUU, os cambios de tendencia en África ou América Latina e a viraxe experimentada en conflitos como o de Corea do Norte ou Irán, aventuran un novo horizonte onde o compromiso pese máis que a confrontación, onde o recurso ás medidas diplomáticas deixe en suspenso o uso da forza que coas súas enormes limitacións conduciu tantos conflitos a simples canellas sen saída.

Xulio Ríos, director.



1.

As claves de 2007

1.1.

China, potencia mundial

Semella chegado o tempo de que China traslade esa evidencia dunha transformación económica sen precedentes que a catapulte ás primeiras posicións mundiais ao ámbito da política e as relacións internacionais.

Confrontada a inmensos problemas e desafíos nas súas relacións económicas exteriores, Beijing primou os diálogos estratéxicos cos seus principais socios (Unión Europea, Estados Unidos) para atopar solucións de compromiso que evitasen males maiores.

Por outra banda, iso estase a facer establecendo outras velocidades en áreas diferentes onde os intereses estratéxicos difiren das principais potencias occidentais con pouca marxe para a negociación. Así mesmo, as autoridades chinesas amosan unha crecente dispoñibilidade para comezar a asumir responsabilidades internacionais tanto en asuntos globais como o cambio climático ou as contribucións á paz como en materia rexional ou en conflitos concretos onde ostenta certas posicións de influencia.

O dinamismo da diplomacia chinesa aposta por garantir a estabilidade no seu entorno rexional máis próximo con éxitos importantes como a mellora das relacións con Xapón, a viraxe experimentada no litixio nuclear coreano, a mediación na crise de Myanmar e os achegamentos a India e os países da ASEAN.

Así mesmo, a consolidación da Organización de Cooperación de Xangai e a boa sintonía con Rusia indican unha crecente complementariedade da diplomacia económica co afianzamento de alianzas que están a sentar as bases dunha nova orde mundial.

1.2.

O retorno de Rusia

A consolidación da hexemonía política de Vladimir Putin semella garantida no Kremlin, reforzada tralas derradeiras eleccións legislativas para a Duma. Para as presidenciais de 2008, nas que non poderá presentarse, Putin elixiu a Dmitri Medveded, viceprimeiro ministro e presidente da estatal enerxética Gazprom, como o candidato presidencial do seu partido Rusia Unida.

No 2007, Putin centrou a súa política exterior e de defensa na necesidade de recuperar o peso internacional de Rusia e dos seus espazos de influencia global, mirando cara Irán e China como socios estratéxicos, co obxectivo de minorar a hexemonía de Washington.

Neste sentido, e ante a implantación do escudo antimísiles estadounidense en Polonia e República Checa e as presións occidentais por incluír a Ucraína na OTAN e a súa esfera de influencia, Putin retirou a Moscova do Tratado de Redución de Forzas Armadas Convencionais (FACE), vixente en Europa desde 1990, reavivando os temores dun retorno á “guerra fría”.

Reforzada a súa estrutura de poder no Kremlin, Putin afronta unha estratexia a longo prazo, probablemente cara o 2020, coa pretensión de cambiar a faciana do país, to-

mando en conta que pode volver a presentarse como candidato no 2012 e ser reelixido no 2016. Pero as críticas derivadas desta nova e peculiar autocracia acrecentan os temores e os riscos sobre as liberdades e o sistema democrático da Rusia posoviética.

1.3.

Os dilemas da UE

A recente adopción do Tratado de Lisboa como mecanismo de reestruturación da arquitectura política na Unión Europea e como referente para superar a crise interna tralo fracaso na aprobación da Constitución europea de 2005, permite a Bruxelas obter un aliciente para plasmar unha nova estrutura política en 2009.

Non obstante, Europa segue a afrontar serios dilemas sobre a preservación do seu proxecto de integración, especialmente no político, a pesar de que no 2007 asumiron novos liderados, como é o caso de Nicolás Sarkozy en Francia, Gordon Brown en Gran Bretaña e Donald Tusk en Polonia. Os liderados aparentemente comprometidos co proceso europeísta contrastan coa evidente hibernación do entusiasmo cidadán cara este proxecto.

Paralelamente, os dilemas políticos internos da UE réstanlle peso específico na área internacional. Aínda resulta unha incógnita a eficacia e operatividade da Política Exterior e de Seguridade Común (PESC) mentres aumentan as reaccións na sociedade europea cara futuras ampliacións, como foi o caso de Romanía e Bulgaria en xaneiro pasado, así como, a mediano e longo prazo, coa posible inclusión de Croacia, Bosnia-Herzegovina e Turquía.

Precisamente, este último país viviu unha tensa situación interna, co pulso político e electoral entre os sectores laicos e a clase militar co goberno islamita de Recep Tayyip Erdogan, así como as tensións militares co Curdistán iraquí. A posibilidade dun Cosovo independente en marzo de 2008 tamén será un reto ineludible para a UE e a estabilidade nos Balcáns.

A diminución do crecemento económico na zona Euro, o estado das políticas sociais e os servizos públicos e o aumento da inmigración ilegal obrigan tamén a Bruxelas a prestar maior atención a estes asuntos, que incrementan as posibilidades de cristalizar en tensións sociais, tal como se viviron durante as recentes folgas en Francia.

1.4.

Reacomodos en Oriente Próximo

Fracasado o plan para o Gran Oriente Próximo concibido polo presidente estadounidense George W. Bush no 2004, e ante a evidencia do ascenso rexional de Irán, o mapa xeopolítico de Oriente Próximo amosou considerables alteracións no sistema de alianzas.

Estas variantes están especialmente cifradas na política de rearme militar rexional propiciada por Washington ata o 2018, de cara a fortalecer a posición de Israel e de países árabes aliados como Exipto, Arabia Saudita, Xordania e os emiratos do Golfo Pérsico.

Este novo eixe semella concibirse para amortecer o peso xeopolítico de Irán e os seus aliados: Siria, os partidos islamitas Hizbullah no Líbano e Hamas en Palestina, e os grupos insurxentes xiítas en Iraq.

Outros focos de conflito refírense á delicada situación no Líbano, o futuro de Iraq, as tensións rexionais de cara a un posible Curdistán independente e o drama palestino, cun recoñecemento estatal previsto para 2009 tralo acordo alcanzado no recente cumio de Annapolis (EEUU), cunha explosiva situación interna en Gaza e Cisjordania que pode dar cabida a outra “intifada”.

1.5.

Petróleo a 100 dólares

O 2007 confirmou un panorama xa anteriormente predicible: o encarecemento dos prezos do petróleo e a súbita baixa na cotización do dólar. A crise inmobiliaria en EEUU e as súas repercusións exteriores tamén afectaron negativamente á estabilidade da economía global.

As razóns políticas que inflúen nos elevados prezos do petróleo, actualmente rolando os 100 dólares o barril, derívanse das tensións alentadas por unha posible guerra contra Irán, o aumento no consumo enerxético por parte de China e India e as políticas enerxéticas formuladas dende países produtores como Venezuela, Rusia e Alxeria. No marco da OPEP, Irán e Venezuela promoveron tamén a idea de substituír o dólar polo euro como moeda de referencia e potenciar este organismo cun cariz máis político.

Non se albiscan probabilidades de baixa na cotización do petróleo, cunha tendencia alcista que contrasta coa inestabilidade do mercado financeiro global. As tensións cara o dólar dependerán en gran medida da recuperación económica estadounidense e da posible ralentización europea.

2.

Perspectivas para 2008

2.1.

Cambio demócrata na Casa Branca?

As eleccións presidenciais estadounidenses, previstas para novembro de 2008, serán, con toda probabilidade, o evento político máis importante a nivel mundial para o próximo ano. A razón principal estriba en coñecer quen substituirá a George W. Bush e o seu período “neoconservador” na Casa Branca iniciado no 2001, así como as repercusións que este cambio terá na política exterior estadounidense.

O pulso entre os candidatos estará servido nas primarias internas dentro do Partido Demócrata, con Hillary Clinton e Barack Obama como principais favoritos, e do Partido Republicano, con Rudolph Giuliani adiante nas enquisas, seguido de Fred Thompson e John McCain.

Unha posible vitoria final de Hillary Clinton significará que, por vez primeira, unha muller ocupará a presidencia da principal potencia global.

As perspectivas electorais semellan outorgar ao Partido Demócrata un certo favor tralo desgaste causado polo “neoconservadurismo” de Bush e, especialmente, trala espectacular vitoria lexislativa dos demócratas en novembro de 2006, ocupando a maioría dos escanos dun Congreso estadounidense actualmente presidido pola demócrata Nancy Pelosi.

Unha presidencia democrata na Casa Branca debería modificar substancialmente determinados postulados da política exterior predominante na “era Bush”, especialmente o seu marcado unilateralismo.

2.2.

Fin do laborismo en Gran Bretaña?

Tras dez anos en Downing Street, o ex primeiro ministro Tony Blair cedeu en xuño pasado o seu cargo a Gordon Brown para que o novo xefe de goberno laborista remate o actual período en 2009.

A impopularidade de Blair polo seu apoio á guerra de Iraq de 2003 repercute na actual situación de desgaste do laborismo, que afecta directamente a Brown, ex ministro do Tesouro británico e artífice dos sólidos niveis de crecemento económico dos derradeiros anos.

O empuxe e avance no electorado por parte do candidato conservador David Cameron supón para Brown e o laborismo o principal reto en política interna en 2008, contemplándose mesmo a posibilidade dun adianto electoral. Diversas enquisas adiantan que, sexa en 2008 ou en 2009, os conservadores “tories” volverán a Downing Street, poñendo fin a máis dunha década de laborismo no poder.

2.3.

Caerá Musharraf en Paquistán?

A crise política de Paquistán pode situar este país como o principal foco de conflito en

2008 e convertelo nunha das principais ameazas á seguridade internacional, especialmente tendo en conta o arsenal nuclear que posúe este país musulmán de máis de 160 millóns de habitantes.

As tensións internas ao longo de 2007 colocaron en grave perigo o goberno do xeneral Pervez Musharraf, incluso coa posibilidade dunha disolución social e desintegración territorial, á vista dos sucesivos atentados terroristas e do complicado taboleiro étnico paquistaní.

A crise paquistaní ven determinada polo avance dos grupos islamitas, especialmente na fronteira afgano-paquistaní, instados agora trala declaración persoal de guerra contra Musharraf por parte de Osama ben Laden; das demandas e presións dos partidos de oposición por impulsar maiores cambios democráticos; do pulso político co presidente do Tribunal Constitucional, Iftikhar Mohammed Chaudhry; e do retorno ao país dos ex primeiros ministros Benazir Bhutto, traxicamente asasinada o 27 de decembro, e Nawfaz Sharif. Todos estes factores acrecentaron o acoso interno cara Musharraf e propiciaron o seu descrédito aos ollos dos seus principais aliados: Estados Unidos e Gran Bretaña.

Tras realizar en outubro pasado un “autogolpe” e proclamar o “estado de excepción”, na actualidade suspendido, Musharraf vese actualmente premido dende Washington para realizar eleccións libres e retirarse –como xa fixo– da xefatura do Exército.

En consecuencia, Musharraf aceptou a celebración de eleccións presidenciais en xaneiro de 2008, abrindo a porta ao remate da súa supremacía política, iniciada tralo seu golpe militar de 1998.

2.4. Consolidarase o espertar de África?

A realidade africana obriga a centrar as súas perspectivas en tres aspectos primordiais: o primeiro, a consolidación da democracia como forma de goberno na maioría dos seus países, así como de mecanismos para solucionar diversos conflitos internos e garantir un mínimo de estabilidade; o segundo, un marcado esforzo autóctono pola integración económica continental: e terceiro, o avance do seu desenvolvemento social e económico, especificamente ante o compromiso global por potenciar a consecución dos Obxectivos do Milenio en 2015.

No aspecto da consolidación democrática, a maioría dos países africanos están celebrando con éxito eleccións, con notables niveis de participación e transparencia, malia a persistencia de determinados gobernos de carácter autoritario no Zimbabwe de Robert Mugabe ou na Guinea Ecuatorial de Theodore Obiang.

No contexto global, África e os seus problemas seguen a padecer a incompreensión e o afastamento do interese das principais potencias, aínda que a recente presenza de China no continente africano en materia comercial e enerxética obrigue a modificar parcialmente este enfoque.

Os seus conflitos étnicos e tribais derivan en diversas crises humanitarias que afectan á súa estabilidade social e política, como son os casos da rexión sudanesa de Darfur, Burundí, a República Democrática do Congo, a República Centroatricana ou as difíciles transicións de posguerra en Cote d'Ivoire e Serra Leona.

Así mesmo, resulta necesario formular diversas visións xeopolíticas sobre África, influídas polo seu mosaico xeográfico, multicultural, étnico e tribal.

A *rexión do Magreb* experimenta unha indisoluble expansión mediterránea, principalmente para satisfacer os intereses europeos en materia enerxética, de loita antiterrorista e contra a inmigración ilegal. Neste escenario se integran países como Marrocos, Alxeria, Tunicia, Libia e Exipto, ao que se pode engadir moderadamente a Mauritania, Malí, Níxer e Chad, no marco das políticas inmigratorias. E, claro está, sen esquecer a irresolución de diversos conflitos como o caso do Sáhara Occidental.

A *África subsahariana* tamén presenta diversos niveis de percepción, tamén influídos pola súa herdanza colonial británica, francesa e portuguesa. Na súa expresión occidental, países como Camerún, Nixeria, Gabón, Guinea ou Senegal, tenta atraer os investimentos e a cooperación europea, chinesa e sudamericana.

Pola súa banda, a *África oriental* presenta diversas dinámicas internas, xeograficamente próximas a Oriente Medio e o Golfo Pérsico, como son os casos de guerrillas islamitas en Somalia, Etiopía e Sudán.

No *centro e sur de África* destaca o auxe de dous países que poden propiciar o liderado continental: Nixeria, cos seus enormes recursos petrolíferos pero cun complicado mosaico étnico, tribal, político e relixioso que pode propiciar unha delicada polvorea rexional; e África do Sur, cunha exemplar transición cara a democracia desde 1994 que está dando paso a súa consolidación económica como "potencia emerxente global" cun marcado liderado no escenario africano, in-

cluso no labor de mediador e pacificador de conflitos. Precisamente, o ano 2008 permitirá outear a dinámica política interna surafricana, en preparación para os comicios presidenciais de 2009, cun fin do ciclo iniciado por Nelson Mandela e continuado por Thabo Mbeki.

Se ben África amosa avances políticos e económicos, o panorama social segue a ser preocupante: elevada pobreza e desigualdade; o duro impacto da SIDA (25 millóns de africanos infectados) e doutras enfermidades; crises humanitarias e inmigración ilegal descontrolada. O espertar de África consolidarase, en gran medida, coa comprensión e a cooperación exterior, sendo ese o verdadeiro reto dos Obxectivos do Milenio.

2.5.

Cambio de ciclo en América Latina?

Tras un 2006 e 2007 marcados pola sucesiva celebración de eleccións presidenciais, o próximo ano anuncia un período de concreción política para América Latina e de evolución dos seus diversos mecanismos de integración.

Brasil e México continuarán avanzando como as economías hemisféricas emerxentes, modelando as súas relacións entre EEUU e o resto de países latinoamericanos. Arxentina experimentará os primeiros avances da presidencia de Cristina Fernández de Kirchner mentres Paraguai celebrará eleccións presidenciais en maio próximo.

Bolivia poderá converterse no principal foco de conflito na rexión, ante o pulso que mantén o presidente Evo Morales coas

rexións ricas en petróleo e gas natural que se opoñen ao seu proxecto de “refundar Bolivia”. Similar perspectiva ocorre na Venezuela de Hugo Chávez, onde o rexeite popular á reforma constitucional impulsada para construír o “socialismo do século XXI” dará paso a escenarios de reformulación política para Chávez e a oposición.

Países como Ecuador seguirán avanzando no seu proceso constituínte mentres os procesos de integración rexional tentarán concretarse en medidas específicas. Resta por coñecer cal será a dimensión do pulso mantido entre o ALBA impulsado por Chávez e o ALCA reformulado por Washington, incluso á espera do que suceda nos comicios de EEUU e o subseguente impacto rexional.

3.

Reflexións por áreas xeográficas

3.1.

Magreb 2007: entre ameaza terrorista e inmovilismo

Por *David Alvarado*

A ameaza terrorista foi a protagonista de 2007 no Magreb. A aparición de Al Qaeda no Magreb Islámico veu acompañada dunha nova estratexia de terror, cunha intensificación dos ataques e reforzándose e coordinación entre os diferentes grupúsculos violentos que operan na rexión.

O baño de sangue do 11 de setembro en Alxer non foi senón o colofón a un ano marcado pola violencia integrista. Tanto en Alxeria como en Marrocos, o estado de alerta de parte das autoridades foi unha constante.

A desarticulación de células terroristas preparadas para atentar non só nos países salientados, senón tamén en Tunixia, Mauritania e mesmo en Libia corroboraron a existencia dunha nova estratexia da organización de Ben Laden no norte de África, que tería atopado no Sahel, terra de ninguén no corazón do deserto do Sahara, unha óptima retagarda. Ao fío da ameaza terrorista, a meirande coordinación entre os departamentos de Interior dos diferentes estados magrebís contrastou co inmovilismo político en canto á integración rexional.

Se ben as dinámicas globais e rexionais, sobre todo de parte dos diferentes actores económicos, e as presións de non poucas institucións internacionais, empurraran decididamente cara a edificación da Unión do Magreb Árabe, esta resta como unha das asinaturas pendentes para o ano que comeza.

Resolto o diferendo libio-mauritano, orixinado tralo restablecemento en 1994 dos lazos diplomáticos entre Nouakchott e o Estado de Israel, a carreira armamentística entre as potencias rexionais pero, sobre todo, as ancestrais rivalidades alxero-marroquís, co dossier do Sahara Occidental de fondo, amósanse, de momento, insalvables para o proxecto de integración entre os países da rexión norteafricana. O proceso de descolonización na ex colonia española mantense, máis de tres décadas despois, como fonte inesgotable de conflitos que lastran o desenvolvemento económico –e mesmo político– magrebí.

En 2007, baixo os auspicios de Nacións Unidas, restablecéronse as negociacións directas entre Rabat e a Fronte Polisario. Nembargantes, o antagonismo existente entre os dous plans en liza non presaxia unha solución pactada para o conflito, alomenos a curto prazo. A organización separatista mantén a esixencia da celebración dun referendo de autodeterminación que consagre a independencia do territorio. Marrocos, da súa banda, presentou no verán un plan de autonomía saharauí que, baixo a súa soberanía, entóxase a máxima concesión a realizar.

O 7 de setembro, contra os prognósticos vertidos en Occidente, non asistimos á tan anunciada marea islamita nas lexislativas marroquís. O Partido para a Xustiza e o Des-

envolvemento, o grande favorito, tivo que conformarse coa segunda posición, nunhas eleccións gañadas polo *Istiqlal* (nacionalista de dereitas) e nas que a Unión Socialista de Forzas Populares, clara vencedora en 2002, foi a grande damnificada.

Nuns comicios tachados de “limpos” polas diferentes misións de observación despregadas sobre o terreo, destacando a baixa participación, do 37%, quedou de manifesto, entre outras cousas, a existencia dunha maioría conservadora, amais da crise duns partidos e dunha clase política vetustos, que non xogan o seu rol de mediación entre os cidadáns e as institucións, incapaces de chegar a acordos para a formación dun goberno que, de non ser pola man de Palacio, nunca vería a luz.

En Alxeria, o incremento da virulencia terrorista corroborou o fracaso do proceso de reconciliación nacional, segundo o cal se acordaron amnistías ao encontro dos terroristas que, arrependidos, non tivesen delitos de sangue no seu haber. A capacidade militar dos violentos non se ten visto afectada e co Grupo Salafista para a Predicación e o Combate á cabeza, as masacres e os asasinatos estiveron á orde do día.

Namentres a macroeconomía bate records, sobre a base da elevada cotización dos hidrocarburos, as condicións de vida dos alxerinos non deixan de empeorar, sucedéndose revoltas e manifestacións cidadáns. A baixa participación nas lexislativas de maio, así como nas municipais e comunais de novembro, deixan ben ás claras a desconfianza dos alxerinos para co sistema.

Namentres, á Fronte de Liberación Nacional, o antigo partido único, trata de preparar o camiño para un terceiro mandato do

presidente, un Abdelaziz Bouteflika arredor do cal non se arredan os rumores sobre o seu mal estado de saúde.

En Tunicia, un ano máis, a relativamente boa saúde da súa economía contrasta coas grandes carencias en materia democrática. O réxime de Ben Alí, que este ano celebrou o seu vixésimo aniversario no poder, xustifica a represión na necesidade de manter o clima de estabilidade e de loitar contra a ameaza integrista.

Liberadas as enfermeiras búlgaras dunha forma un tanto esperpéntica, este ano consagrou a volta de Libia a escena mundial, destacando as visitas de Estado que o coronel Muamar Al Gadafi levou a cabo en decembro a Francia e a España onde, no medio da polémica e das protestas dos defensores dos dereitos humanos, firmou contratos multimillonarios.

Contrastando con esta imaxe máis “capitalista” dun país que avanza timidamente cara a economía de mercado, onde a lexislación criminaliza, por exemplo, a liberdade de expresión, no seo do réxime ten lugar unha dura pugna entre reformistas e inmovilistas. Mauritania, inmersa nun proceso de transición que tivo como colofón a elección, en marzo, dun novo presidente, enfróntase agora a novos retos.

O novo clima democrático, adubado polos ingresos derivados do petróleo e a chegada de capitais estranxeiros non consegue, nembargantes, cambiar a face de pobreza do país. Pola súa banda, a cuestión da volta dos refuxiados do Senegal e a permanencia de prácticas escravistas xeralizadas son algúns dos retos que deberan ser afrontados, de urxencia, neste novo curso político que comeza.

3.2.

Xapón: emancipación e inestabilidade

Por *Masashi Oki*

Houbo en 2007 na política xaponesa moitos cambios e acontecementos importantes, tantos que dificilmente se podían imaxinar hai unhas décadas. Pero todos eles poderían resumirse en dúas palabras: emancipación e inestabilidade, claves que continuarán presidindo ese esforzo por converter a Xapón nun país “normal”.

Cómpre lembrar que 2007 iniciouse coa creación do Ministerio de Defensa, pechando o tempo da Axencia dependente da Oficina do Gabinete. Tres semanas antes, enmendábase a Lei Fundamental de Educación para introducir o concepto de “patriotismo”, algo inédito dende 1947. E, ademais, agarda a reforma da propia Constitución do Xapón, sen modificar desde 1947, ao aprobarse a lei que debe regular o procedemento de emenda do texto básico.

Estes cambios indican que Xapón transita cara un novo estatus, o dun país normal. O ex primeiro ministro, Shinzo Abe, resumíao en dúas expresións: “construír un país fermoso” e “emancipación do réxime de posguerra”.

Outra característica da política xaponesa en 2007 é a inestabilidade. Durante o mandato de Abe houbo un feixe de dimisións de ministros, culminando coa del mesmo.

Despois do suicidio do ministro de Agricultura, Silvicultura e Pesca en maio, o ministro de Defensa tamén dimitiu. E despois, dous ministros de Agricultura, Silvicultura e Pesca dimitiron. En segundo lugar, por causa destes escándalos políticos, ben porque

Abe perdeu apoio popular, ben porque o Partido Democrático de Xapón (PDX) soubo atraer o favor social, o Partido Liberal Democrático (PLD) perdeu as eleccións ao Senado.

Despois da suspensión da Dieta pola repentina dimisión de Abe, o novo primeiro ministro, Yasuo Fukuda, prometeu estabilidade política. Pero como o partido maioritario no Senado é o PDX, na oposición, o proceso legislativo avanza a trancas e barrancas. Fukuda intentou facer unha gran coalición entre o PLD e o PDX, e o líder deste último amosouse favorable. Pero o seu partido posicionouse en contra. A inestabilidade actual obrigou a prorrogar as sesións da Dieta ata xaneiro de 2008.

En materia de política exterior, Xapón intentou cimentar a súa alianza con Estados Unidos, aínda que viuse impelido a suspender as actividades de colaboración das Forzas Armadas de Autodefensa de Xapón no Océano Indico.

Por outra banda, o intercambio de visitas entre os líderes de Beijing e Tokio plasmaron os respectivos intentos de establecer unha boa relación.

En 2008, son moitas as posibilidades de disolución do Parlamento e de convocatoria de eleccións anticipadas, por mor da falta de maioría do PDL no Senado. En política exterior, Xapón ambiciona ampliar as actividades e presenza das Forzas Armadas de Autodefensa unha vez foi adoptada a nova lei antiterrorista que o permite.

A recuperación económica actual favorece esa renovación da presenza internacional de Xapón, cunha significación máis en consonancia coa súa condición de segunda potencia económica mundial.

3.3.

China: centrando o crecemento

Por *Xulio Ríos*

O XVII Congreso do Partido Comunista de China (PCCh) marcou a axenda política chinesa en 2007. Nel, Hu Jintao, o actual líder do país, logrou incorporar á doutrina e á acción política, as teses da concepción científica do desenvolvemento e da construción dunha sociedade harmoniosa, nas que viña insistindo dende 2004, e que deben contribuír a implantar un novo modelo de desenvolvemento máis respectuoso co ambiente e socialmente máis xusto e equitativo.

O cónclave comunista chinés, que se reúne cada lustro, deu os primeiros pasos tamén para asentar unha nova xeración á fronte do país. O compromiso entre as diferentes faccións explicitouse en dous novos nomes: Xi Jinping e Li Keqiang, os únicos membros do Comité Permanente do Buró Político que poderán continuar máis alá do 2012, cando colla empuxe a terceira idea que planeou no Congreso: a profundización da democracia.

Na véspera dos Xogos Olímpicos de 2008, China enfronta unha delicada situación económica con riscos de sobrequecemento. O aumento da inflación, o exceso de liquidez e investimento, o enorme excedente comercial, etc, configuran unha complexa situación económica con ritmos de crecemento superiores ao 10%, por riba dos desexos da Comisión Nacional de Desenvolvemento e Reforma.

Os problemas xurdidos no eido do comercio exterior, en materia de seguridade comercial, alimentaria ou en materia de propiedade intelectual semellan encamiñados, se ben evolucionando a diferentes velocidade-

des. A creación dunha sociedade estatal para manexar as maiores reservas de divisas do mundo prognostican unha maior presenza inversora nos países africanos ou de América Latina, entre outros. En paralelo, os retos sociais van en aumento e pese aos esforzos do goberno chinés por atemperar os desequilibrios, a corrupción ou as desigualdades non paran de crecer. Os fortes investimentos no medio rural en infraestruturas sociais e educativas aínda non deron os seus primeiros e visibles froitos.

No eido exterior, a presenza chinesa vai collendo pulo e a súa mediación en crises como a de Corea do Norte ou Sudán, evidencian un papel cada vez máis prominente no escenario internacional. Por outra banda, a normalidade recuperada nas relacións con Xapón e o fortalecemento do diálogo con EEUU, xunto á probable desactivación da crise con Irán, aventuran un período de maior estabilidade, aínda que non por iso exento de crises nas que China podería verse involucrada (de Myanmar a África).

A maior preocupación das autoridades chinesas, que celebraron amplamente o éxito da misión do seu primeiro satélite lunar, segue centrada na evolución da política taiwanesa que atravesa un tempo crucial, coas eleccións lexislativas e presidenciais a celebrar proximamente.

Mentres prosigue na súa tentativa de illar internacionalmente a Taiwán (Costa Rica estableceu relacións diplomáticas coa RPCh, mentres avanza a bo ritmo os contactos con outros países, Vaticano incluído), Pequín preme aos seus principais socios, especialmente a EEUU, para tentar impedir a celebración da consulta sobre o ingreso en Nacións Unidas.

Por outra banda, a cuestión tibetana enturbidou as relacións con Alemaña, expresión do enfriamento rexistrado no entendemento coa UE, que quedou por debaixo das expectativas.

3.4.

Estados Unidos: Bush segue ao mando

Por *Jared Larson*

Hai un ano, moitos comentaristas e observadores –ata eu mesmo– proclamaron 2006 coma o do fin do poder omnipotente do presidente George Bush. Así, puidemos constatar evidencias dos límites do poder político de Bush, pero tamén comprobamos que o “gobierno dividido” (a presidencia en mans dun partido e o Congreso baixo control do outro) facilitou o emprego do derradeiro e máis claro dos recursos do poder presidencial: o veto lexislativo. En consecuencia, se ben Bush perdeu politicamente en 2006, en 2007 demostrou que non é unha figura irrelevante. Tres casos serven de exemplo do control “residual” do que aínda goza Bush.

En primeiro lugar, ante graves problemas económicos, como a crise hipotecaria e a constante suba do prezo do seguro médico para todos os estadounidenses, Bush, máis mesmo ca os seus partidarios en ambas cámaras lexislativas, impediu calquera esforzo para encaralos. Mentres Bush proclama que as bases da economía son sólidas, cada día o dólar vale menos, hai xente que perde a súa casa por non poder pagar a hipoteca e hai máis persoas que non teñen seguro médico. Recentemente, Bush vetou a lexislación que ampliaría un programa de seguro goberna-

mental para mozos con pais que aínda sendo de clase media-baixa, non podían pagar un seguro privado.

O debate sobre o cambio climático tamén puxo de relevo o poder de Bush. O Congreso ven de aprobar unha lexislación para aumentar a eficiencia dos coches vendidos en EEUU para finais de 2020. Bush obstaculizaba calquera mellora neste sentido, a pesar de que a lexislación vixente data de 1975. É máis, Bush prometeu vetar calquera cambio que permitira aos estados impoñer limitacións máis estritas. Para Bush, a economía supera ao medio ambiente na súa xerarquía de importancia, aínda que non coida a ningún dos dous.

Para rematar, as guerras no Medio Oriente seguen demostrando a importancia do executivo na política exterior estadounidense. O Congreso continúa autorizando fondos para pagalas, sen poder relacionar o financiamento cun cronograma para retirar as tropas. Bush veta calquera lexislación que inclúa retiradas, a pesar de que a opinión pública así o esixe. O problema é que unha vez o Congreso autoriza o uso da forza, é o presidente, como comandante-en-xefe, que monopoliza todas as políticas.

No seu derradeiro encontro coa prensa en 2007, Bush dixo con firmeza que o seu partido gañará escanos en ambas cámaras do Congreso e que a Casa Branca quedará en mans republicanas despois das eleccións de 2008. A día de hoxe, semella imposible que os demócratas perdan o Congreso, pero temo dicir que só co control do executivo poderase influír no rumbo das cousas en Afganistán e Iraq e mesmo conseguir o que ata agora os demócratas non lograron: non pagar esa factura.

3.5. **América Latina: cara un modelo propio?**

Por *Roberto Mansilla*

Existe unha América Latina ou varias Américas Latinas? Mosaico de diversidades étnicas, culturais, xeográficas e relixiosas, este continente transita por un peculiar momento histórico, orientado á consecución de diversos modelos autóctonos de desenvolvemento concibidos co fin de propiciar unha maior presenza latinoamericana nos foros e escenarios internacionais.

A nivel político, os últimos anos confirmaron tanto a consolidación democrática no sistema de goberno como o ascenso electoral de diversos gobernos de esquerda. Á espera da elección presidencial paraguaia de abril de 2008, diversas esquerdas gobernan en Venezuela, Brasil, Arxentina, Uruguai, Bolivia, Chile, Perú, Ecuador, Nicaragua, Panamá, Costa Rica, Haití, República Dominicana e Guatemala, sendo Colombia, México e O Salvador os únicos países con gobernos conservadores.

Unha reflexión aparte merece Cuba, concentrada no seu particular proceso de transición trala “cesión temporal de poderes” de Fidel Castro ao seu irmán Raúl en xullo de 2006.

Cuba afronta un decisivo momento histórico medindo o impacto dos cambios globais, traducido na necesidade de propiciar un proceso de apertura externa da súa economía e relacións exteriores cun moderado e controlado proceso de transición política, principalmente orientado a reciclar os logros revolucionarios a través dunha nova xeración de líderes.

No marco dos procesos de integración, América Latina avanza nunha interesante profusión de organismos e mecanismos dende diversas perspectivas económicas, comunicativas, enerxéticas e culturais: MERCOSUR, ALBA, Banco do Sur, Mercado Común Centroamericano, Telesur, Gasoduto do Sur, Petrosur, Petroandina, Petrocaribe, etc, dan fe deste esforzo autóctono de integración, aínda que todos eles modelados tamén en relación ao futuro e evolución do ALCA impulsado dende Washington.

Outro aspecto importante son as relacións exteriores, materia prolífica de acercamentos e creación de eixes xeopolíticos. A concreción dunha conciencia dende o Sur permitiu a Brasil liderar a creación, a partir de 2003, do Foro IBSA (India, Brasil e Suráfrica) como referente de integración para as potencias emerxentes e mecanismo de presión cara un mundo máis equitativo. Brasilia tamén sinala como prioridade da súa política exterior tanto a cooperación con África como co Mundo Árabe, especialmente tralo cumio celebrado en Brasilia en 2005.

Paralelamente, a Venezuela de Chávez tamén impulsa unha ambiciosa diplomacia de eixes xeopolíticos con Irán, Rusia e China, mentres México e Chile consolidan tamén o seu interese na área de Asia-Pacífico, confirmando a presenza asiática e, especialmente, de China como foco de interés comercial e económico para América Latina.

A ampliación do Consello de Seguridade da ONU e a reforma da OMC e do comercio mundial tamén procura suxire unha ambición netamente latinoamericana, tomando en conta as demandas de Brasil, México e Arxentina tralo cumio da OMC de Cancún (México) no 2003.

Sen esquecer a persistencia de focos conflictivos e tensións políticas na rexión andina (Bolivia, Colombia e Venezuela), así como os problemas de narcotráfico, subversión armada, inmigración ilegal e as visibles desigualdades socioeconómicas, América Latina tenta deseñar o seu futuro segundo as súas percepcións e visións. Neste sentido, a rexión presenta un espertar da súa conciencia e un afastamento da tradicional influencia estadounidense e europea.

3.6.

Unión Europea: o ano de Sarkozy

Por Enrique Sáez

Dende a perspectiva institucional da Unión Europea, o feito máis salientábel do 2007 foi a aprobación en Lisboa do Tratado de Reforma, que pechou a crise aberta co fracaso do Tratado Constitucional. Pero a opinión pública lembrará mellor a elección de Nicolás Sarkozy como presidente de Francia, un país que demandaba cambios despois da etapa Chirac, chea de xestos e escasa de contidos.

O protagonismo de Sarkozy ven reforzado polo baixo perfil dos outros líderes europeos. Tony Blair retirouse, como prometera, para deixar o cargo de primeiro ministro do Reino Unido a Gordon Brown. As cousas non lle están saíndo ben nestes primeiros meses no posto, o que limita o seu papel exterior. Ángela Merkel, o líder europeo máis importante no 2006, está también absorbida na política interior polos problemas do SPD, o seu socio no Goberno de Alemaña. Algo similar ocúrrelle a Romano Prodi en Italia, ao fronte dunha coalición inestábel. Os xemel-

gos Kaczinsky, que tiveron un lamentábel protagonismo nos últimos anos, xa non dirixen Polonia. J.L. Rodríguez Zapatero ten unhas eleccións a curto prazo e pouca afición á política exterior. Así as cousas, Sarkozy non ten que se esforzar demasiado para estar onde lle gusta: no centro do escenario, baixo os focos. Compre agardar que empregue parte da súa enerxía en Europa, necesitada de liderazgo.

A situación económica ven marcada pola crise dos mercados financeiros, iniciada polo afloramento dos riscos das hipotecas sub-prime nos Estados Unidos. A incerteza sobre o alcance dos problemas derivou na perda de confianza entre os axentes financeiros e a contracción do mercado interbancario. Temos por diante un panorama de menos crédito e máis caro, que ralentizará o crecemento. O Banco Central Europeo non sabe se subir ou baixar pola escaleira dos tipos de xuro. Está collido entre as peores perspectivas de crecemento, que o deberían levar a baixar tipos, e a suba do petróleo e dos alimentos, que empurran a inflación e recomendarían un incremento dos xuros. A inestabilidade económica creará tensións adicionais aos europeos no 2008.

Por último, o 2007 marcou o definitivo fracaso do esforzo neocon para levar unha política unilateral e EEUU fica á espera da elección dun novo presidente. A UE dispón agora da oportunidade de ter máis influencia como poder brando, baseado na diplomacia e no dereito internacional. Un mundo máis aberto e máis disperso, onde rexurden tendencias autoritarias e militaristas, necesita esa influencia, respaldada por unha economía que representa o 25% da produción mundial e polos 500 millóns de habitantes,

que fan de Europa o terceiro axente internacional por poboación, tras China e India. Retos como a substitución do Protocolo de Kioto por un tratado máis ambicioso, que axude a combatir o quecemento global, as relacións con veciños agresivos, como Rusia e Irán, e a loita contra a pobreza, principalmente en África, amosarán si ese poder brando, que debería ser o poder do futuro, é quen de incrementar o papel de Europa no mundo. Unha Europa que agora pode liderar Nicolás Sarkozy.

4.

Reflexións transversais

4.1.

Cambio climático 2007: un ano perdido

Por *Ramón Varela Díaz*

Nos primeiros meses do ano 2007, varios feitos facían presaxiar que se podían adoptar nun futuro próximo medidas tendentes a diminuír a contaminación de gases de efecto invernadoiro (GEI) e que os gobernos “responsábeis” podían chegar a novos acordos de redución de emisións. Estes feitos eran:

a) Os informes do IPCC sobre o Cambio Climático de principio de ano recollían datos que confirmaban e certificaban non só que estábamos inmersos no cambio climático, senón que este “é inequívoco, e son visibles xa cambios dramáticos. Os impactos como as incidencias de extrema seca e as inundacións continuarán aumentando tanto de frecuencia como de gravidade ao longo do presente século, segundo os niveis de concentración de gases de efecto invernadoiro na atmosfera”.

b) China, segundo contaminador do planeta por detrás de EEUU e un gran emisor de GEI, presentou no 2007, dous días antes do Cumio do G8 en Alemaña, o primeiro plan para a loita contra o cambio climático, e aínda que non fixa compromisos concretos de redución das emisións de CO₂ si se compromete a controlalas.

c) Os continuos chamamentos públicos e o interese mostrado ao longo do ano pola

Organización das Nacións Unidas e en particular do secretario executivo da Convención Marco sobre Cambio Climático (Yvo Boer) para que se dera un acordo de redución de emisións no que estivesen o maior número de países.

Pero celebrado o Cumio de Balí (decembro 2007), todas as esperanzas se desvanecen. O Cumio serviu para certificar unha vez máis a clara separación existente entre o mundo científico e o mundo político.

O mundo científico cada vez máis preocupado polas consecuencias evidentes do cambio climático: aumento rápido do nivel dos mares, derretemento de glaciares, tormentas e secas máis intensas, migracións masivas de refuxiados polo clima... urxindo a adopción de medidas.

Por outro lado, o mundo político que si-gue facendo moi pouco caso aos informes do IPCC e prisioneiro dos grandes intereses corporativos. O cumio de Balí consigue, despois de días de “arduos” debates, acordos insignificantes ou simples declaracións de intencións. Mesmo leva ás reunións posturas belixerantes (Estados Unidos) en contra de calquera acordo, negándose a aceptar obrigacións cuantificables, rexeitando de plano propostas (como a da Unión Europea) no camiño de incluír un compromiso para diminuír as emisións de forma importante (do 25 ao 40% antes do 2020).

Todo isto acontece nun ano no que se podían estar sentando as bases dun novo Tratado que reemprazase a Kioto (Copenhague 2009?) e cando os obxectivos de redución de emisións deberan ser unánimes, cuantificables –de forma notable– e claros.

O problema, un ano máis, segue sen resolverse e novas ameazas virán a incremen-

tar o problema: a) China desprazará, posiblemente xa no 2008, a EEUU como principal emisor de CO₂ do mundo (segundo a Axencia Internacional da Enerxía); b) de acordo con algunhas estimacións hai tantas persoas desprazadas por motivos ambientais actualmente como por refuxiados tradicionais e no futuro a cifra aumentará; e c) por si fora pouco, segundo o Organismo Internacional da Enerxía Atómica (OIEA) a demanda mundial de enerxía (e a contaminación conseguinte) medrará nun 60% para o ano 2030. Teremos que agardar máis?

4.2.

A conxelación global dos dereitos humanos

Por *Yolanda Román*

O ano 2007 despídese cun feixe de boas noticias para os dereitos humanos. A Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou por esmagadora maioría unha resolución histórica contra a pena de morte, varios presos da base militar estadounidense de Guantánamo foron liberados tras anos de cativeiro inxusto e ilegal, e Alberto Fujimori comparece ante os tribunais do seu país para responder por violacións de dereitos humanos cometidas durante os seus dez anos á fronte da presidencia do Perú.

Noticias illadas que, na súa elocuente excepcionalidade, veñen pór máis aínda de manifesto a deriva de abusos e retrocesos que tan negativamente afectou nos últimos anos ao sistema internacional de protección dos dereitos humanos, isto é, ao tecido teórico, xurídico e ético que recoñece e garante os dereitos fundamentais de todos os seres huma-

nos. Un achegamento a estas tres boas noticias rexistradas no último tramo do ano, permítenos realizar algunhas reflexións sobre a situación dos dereitos humanos no mundo.

A resolución sobre a pena de morte recentemente aprobada na sede da ONU constitúe un paso máis e un revulsivo político para a abolición total dese castigo cruel e inhumano. Pero, o reverso da noticia lémbra-nos que, na actualidade, máis de 20.000 persoas están condenadas á pena capital en todo o mundo. Calcúlase que en 2006 foron executadas aproximadamente 1.600 persoas, aínda que probablemente foron moitas máis. Pero o máis rechamante é que o 90% desas execucións leváronse a cabo en tan só seis países, nos que, loxicamente, prodúcense outras violacións graves e reiteradas dos dereitos humanos: Irán, Iraq, Paquistán, Sudán, Estados Unidos e China.

Este último é un caso especialmente preocupante. China é o país onde máis execucións lévanse a cabo. En 2006 foron executadas, polo menos, 1.000 persoas, aínda que algunhas fontes falan de 8.000. En China unha persoa pode ser condenada á pena capital por unha enorme variedade de delitos, desde o asasinato ata a fraude fiscal. Resulta moi inquietante que o país que vai albergar os próximos Xogos Olímpicos siga liderando a lista de países que aplican a pena de morte.

Por outra banda, a persistencia da pena de morte non é a única noticia preocupante que nos chega do xigante asiático. Todo indica que, se a presión internacional non impón un ritmo acelerado de cambios e mello-ras, a sede dos próximos Xogos Olímpicos farase con todas as medallas nas categorías de represión, tortura e xuízo inxusto, tal e

como denuncia unha nova campaña de Amnistía Internacional.

Máis aló das asociacións enxeñosas, o certo é que se non se producen avances significativos e duradeiros con anterioridade á celebración das Olimpíadas, a humanidade enfrontarase a unha das demostracións públicas máis vergoñentas do deterioro do compromiso da comunidade internacional cos dereitos humanos, da primacía dos intereses económicos como principios reguladores das relacións internacionais e da limitada visión dos líderes mundiais.

As liberacións de varios presos de Guantánamo, ademais de motivo de celebración para eles e os seus familiares, serven para recordarnos que ao terminar o ano continúan retidos na base estadounidense máis de 300 prisioneiros. En xaneiro de 2008 cumpríranse seis anos dos primeiros traslados de detidos desde Afganistán a Guantánamo, recluídos en gaiolas de malla metálica. Este centro de detención converteuse no símbolo dos abusos e ataques ao sistema internacional de protección dos dereitos humanos que continúan cometéndose no marco da chamada “Guerra contra o Terror”, liderada por Estados Unidos e o Reino Unido.

Este erro manifesto da política internacional ademais de engadir novidades ao catálogo de violacións dos dereitos humanos, como as “entregas extraordinarias” (de gran aceptación entre os países europeos, incluída a España de Zapatero), resucitou vellos clásicos do abuso e a violencia institucional como a desaparición e a tortura. Todo iso recoñecido, parcialmente, polos seus autores e xustificado en nome da seguridade nacional, no que constitúe, sen dúbida, o ataque máis grave contra o sistema internacional de

protección dos dereitos humanos desde a proclamación da Declaración Universal en 1948.

Tamén cargada de simbolismo, en setembro de 2007 producíase a extradición desde Chile de Alberto Jumimori, para que fose xulgado en Perú por crimes contra os dereitos humanos. Trátase dunha excelente noticia, quizais a máis relevante para os dereitos humanos, que teñen na impunidad ao seu peor e máis perverso inimigo.

A detención de Augusto Pinochet en Londres, en 1998, iniciou unha senda esperanzadora para a xustiza universal, que continuou profundándose coa creación da Corte Penal Internacional, o establecemento de tribunais penais internacionais *ad hoc* e as detencións de Slobodan Milosevic e Charles Taylor, entre outros. Pero a maioría dos responsables de violacións graves dos dereitos humanos gozan de impunidad e xamais serán xulgados.

Dous dos exemplos máis claros e frustrantes de como a impunidad perpetúa e alenta novos abusos atopámoslos en Sudán e en Colombia, dous conflitos distantes pero que presentan certas similitudes.

Mentres tanto, Estados Unidos boicotea o traballo da Corte Penal Penal Internacional e os líderes europeos non parecen estar investindo demasiados esforzos para garantir o seu bo funcionamento e consolidación, medorentos tal vez de ter que render eles mesmos contas, algún día, polas súas accións ou omisións.

En 2007 asistimos ao agravamento de conflitos armados en África e en Oriente Próximo, puidemos comprobar o incumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio e a persistencia da pobreza como

a negación máis universal dos dereitos humanos, seguimos recibindo noticias de crueis ataques de grupos armados contra civís indefensos e coñecemos casos de desaparicións e de torturas no seo das democracias máis desenvolvidas no nome da loita contra o terrorismo.

As tendencias negativas do respecto e a promoción dos dereitos humanos confirmáronse no mesmo ano no que se alcanzaron históricos e necesarios consensos en torno ao cambio climático e as súas preocupantes consecuencias.

Se este foi o ano do recoñecemento mundial do desafío que supón a degradación do medio ambiente e a polución, tal vez en 2008 poida ir abríndose o camiño para que nos próximos anos asistamos a un proceso similar no ámbito dos dereitos humanos, no que se recoñeza a “conxelación global” dos mesmos e do seu sistema internacional de protección, e alcáncese un consenso internacional capaz de restablecer os contornos do horizonte ético da humanidade.

Os obxectivos máis urxentes son tres: reducir a pobreza e recoñecer a protección xurisdiccional dos dereitos económicos e sociais, pór fin ao relativismo moral do binomio liberdade-seguridade e aos ataques contra os dereitos civís e políticos, e substituír a impunidad por unha xustiza sen fronteiras. E tres son os eventos de máxima relevancia que ao longo do próximo ano marcarán a pauta e indicaranos se hai avances ou se continúa a tendencia negativa: as eleccións presidenciais en Estados Unidos, a celebración dos Xogos Olímpicos de Pequín e a conmemoración do 60 aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Haberá que estar moi atentos.

4.3.

O comercio de armas: algunhas luces, pero moitas sombras

Por *Alberto Estévez*

As 200.000 armas fornecidas (incluídos rifles AK-47, pistolas Glock e metralladoras) por EEUU ás forzas de seguridade iraquís e “evaporadas”, ilustra a realidade do comercio de armas. Entre 2004 e 2005, centos de milleiros de armas e millóns de municións dos arsenais da guerra de Bosnia foron exportadas clandestinamente baixo os auspicios do Departamento de Defensa de EEUU. Para os envíos a Iraq, utilizouse unha rede de intermediarios e empresas de transporte privadas.

As investigacións, aínda non rematadas, do Pentágono e do Departamento de Xustiza sobre a denuncia feita por Amnistía Internacional (AI) en 2006, desvelaron que moitas destas armas foron parar ás milicias iraquís, gardas de seguridade surafricanos e mesmo empresas de EEUU. É moi posible que fosen utilizadas para matar a soldados estadounidenses. Unha mostra evidente de que as regulacións actuais están desfasadas e non seguen o ritmo de crecemento en cantidade e alcance dos intermediarios, empresas loxísticas e transportistas internacionais, unha rede que garante que as armas chegan puntualmente, pero con demasiada frecuencia para facilitar o homicidio, violación, tortura e desprazamento de persoas.

O gasto mundial en armas segue en aumento. Segundo o SIPRI, desde o inicio do século creceu nun 50% e en 2005 superou os 56.000 millóns de dólares. 22.000 millóns de dólares é o que gastan en armas de media anual Asia, Oriente Medio, América Latina e

África. Con eses cartos podería escolarizarse a poboación infantil e reducir a mortalidade infantil en 2/3 para 2015. A consecuencia da viaxe de Rice no verán a Oriente Medio foron 40.000 millóns de dólares en armas para aliados de EEUU na zona, para proveito de empresas como Boeing e Lockheed Martin, que seguirán investindo no financiamento da vindeira campaña electoral de EEUU.

A actual espiral de vendas ten un “efecto dominó” que aumenta o gasto, mentres, a campaña “Armas Baixo Control” denunciaba que o custe dos conflitos no desenvolvemento de África nos últimos 15 anos fora de 300.000 millóns de dólares, o equivalente aos cartos recibidos en axuda internacional nese período.

En 2007 soubemos que o goberno sudanés violaba o embargo de armas da ONU e que Rusia e China lle forneceran armas. No verán de 2007 publicáronse unhas reveladoras fotografías enviadas a Amnistía Internacional desde Darfur, que reforzaban as denuncias de que helicópteros de ataque e avións Antonov propiciaban a comisión de graves violacións de dereitos humanos en Darfur. Mesmo España exportou armas longas e munición en 2003 e 2004, violando o embargo da Unión Europea.

En 2007, o goberno Blair ordeou a suspensión “por razóns de seguridade nacional”, da investigación que a Oficina británica contra o Fraude levaba a cabo sobre o escándalo de pagamentos secretos, incluídos mil millóns de dólares ao príncipe Bandar bin Sultan, ex embaixador saudita en EEUU e actual asesor do rei Abdullah, para facilitar unha enorme venda de avións Tornado da empresa BAE en 1985. Seica non foi casual que en setembro se anunciase un acordo para

a venda de 72 Eurofighter Typhoon por 4,4 billóns de libras esterlinas, malia os intentos do goberno estadounidense por seguir investigando o caso de BAE Systems, empresa implicada, cunha empresa alemá, nun escándalo en Sudáfrica que afectou ao Congreso Nacional Africano pola compra duns avións polo dobre do seu prezo.

A finais de 2006 unha resolución da Asemblea Xeral da ONU adoptada por 153 Estados demandaba a elaboración dun tratado sobre o comercio de armas. Houbo 24 abstencións e un só voto en contra: Estados Unidos. Ao longo de 2007, case 100 estados presentaron á ONU as súas aportacións sobre a viabilidade, o alcance e os parámetros dun tratado que estableza normas internacionais comúns para a importación, exportación e transferencia de armas convencionais.

A ONU nomeou en 2007 un grupo de expertos gobernamentais de 27 países, no que participa España, que en outono de 2008 presentará un plan de traballo pormenorizado para a elaboración do tratado. O informe do grupo de expertos podería levar á Asemblea Xeral a establecer en 2009 un grupo de traballo de composición aberta encargado de negociar os termos dun tratado internacional sobre o comercio de armas que previsiblemente se adoptaría en 2010.

845 millóns de euros en vendas a Israel, Paquistán, Marrocos e Venezuela. Eses foron os datos do informe oficial 2007 sobre vendas de armas españolas en 2006. No momento de escribir estas liñas estase á espera da aprobación da Lei sobre Comercio de Armas que ONGs como AI, Greenpeace e Intermón Oxfam reclaman desde 1994. A lei permite maior transparencia, pero seguirá sen saber-

se que produtos vende España, algo que si fan outros países, e garante un certo grao de escrutinio e control parlamentario. Tamén inclúe a munición de caza e tiro deportivo, xa que España é a principal exportadora mundial de municións ao África Subsahariana.

Por último, cómpre suliñar que un grupo de países, incluído España, invitados por Noruega, acordaron unha declaración que os compromete a concluír, no ano 2008, un proceso para prohibir as bombas de racimo.

4.4.

Altermundialismo: África e o renacer das resistencias

Por *Manoel Santos*

Se a celebración do Foro Social Mundial (FSM) constitúe dalgún xeito o termómetro da situación das resistencias ao neoliberalismo no mundo, haberá que concluír que 2007 foi o ano no que África se enrolou no altermundismo. Logo do ensaio de 2006, cando un FSM entón policéntrico paraba en Bamako (Malí), o FSM de Nairobi de xaneiro, no que participaron 100.000 persoas, descubriunos unha África onde agroman con pulo os movementos sociais. O Foro para a Soberanía Alimentaria (Nyéléni, Malí) en febreiro e o Foro Social do Congo (Kinshasa) en xuño, demostraron tamén que en África están a propor xa as súas alternativas para combater a visión economicista do mundo que impón o norte global.

O lanzamento por parte de Vía Campesina dunha campaña global para a reforma agraria en África pode marcar a tendencia dos vindeiros anos nos movementos sociais,

mentres que o rexeitamento aos Acordos de Asociación Económica (EPAs), corroborados no cumio de Lisboa de decembro, constitúe un viramento substancial por parte dos gobernos.

O ano 2007 foi tamén o do renacer das resistencias. A converxencia das loitas, logo duns anos de certo parón, manifestouse a tres niveis: a protesta, as alternativas e a política.

No eido das protestas anti-hexemónicas, a converxencia de movementos renaceu con forza no cumio do G-8 en Heiligendamm (Alemaña), en xuño, nas protestas de agosto en Montebello (Québec) contra o NAFTA e o ASPAN, e en xeral na oposición popular aos Tratados de Libre Comercio (TLC) en América Latina. A declaración en “estado de guerra” contra a entrada en vigor do capítulo agrícola do TLCAN por parte dos campesiños mexicanos pódese interpretar como unha reivindicación non xa para non asinar este tipo de acordos, senón para anulalos. Se cadra, un exemplo a seguir.

Este pulo dos tratados bilaterais –cun rexeitamento que comeza a ter repercusión en Asia, especialmente en Corea, Tailandia, Malaísia e Indonesia– é a resposta do norte global ao freazo da Organización Mundial do Comercio (OMC).

Neste eido tamén se recrudeceron as accións. A reivindicación dos movementos campesiños –a agricultura fóra da OMC– espetouse contra un novo intento por parte dos países industrializados de retomar unha nova rolda de negociacións logo do fracaso de Doha, e pode xerar serios enfrontamentos para 2008, ao nivel de Seattle 1999.

Tampouco hai que esquecer a oposición dos movementos a novas fronteas xur-

didadas en 2007, como a ofensiva da industria dos agrocombustíbeis, que será un referente das accións para 2008 e unha excelente vía para a concienciación mundial contra a globalización, por canto unen a crecente defensa do ambiente coas alternativas ao neoliberalismo.

Nese eido das alternativas, no ano 2007 constatamos, por exemplo, un rexurdir do movemento zapatista, que adoita “marcar tendencias”, cos Encontros entre os pobos zapatistas e os pobos do Mundo. Un feito moi importante foi a celebración do V Congreso Nacional do Movemento Sem Terra (MST) do Brasil en xuño. Ao tratarse do movemento social máis grande do mundo, a súa influencia é lóxica, e xa que logo as conclusións do congreso, que parecen dirixir ao MST cara a vía socialista, son salientábeis.

No eido da política, a converxencia das resistencias e as accións contra o neoliberalismo seguiron a ver a súa materialización nos movementos políticos en América Latina, mentres que en Asia, África ou o Mundo Árabe estes procesos non se produciron aínda. Os procesos de Venezuela, Bolivia, Ecuador ou Nicaragua –e en certa medida Brasil, Arxentina e de case todo o subcontinente–, están moi influenciados polos movementos sociais, que a nivel global de seguro loitarán por levar a outras terras proxectos políticos moi do agrado do altermundismo, como o ALBA, Telesur e o Banco do Sur.

En definitiva, 2007 marca dalgún xeito un renacer nas accións e un fortalecemento das converxencias mundiais contra o neoliberalismo que, en 2008, de seguro seguirán a medrar, especialmente a través da presión cara os gobernos afíns para que incidan nos seus atrevementos.

4.5. Claroscuros na axuda ao desenvolvemento

Por *Carlos Teijo*

A evolución da AOD (Axuda Oficial ao Desenvolvemento) nos últimos tempos non é positiva. A OCDE (Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico) ven de publicar en decembro de 2007 os datos definitivos sobre a axuda de 2006 (dos deste ano non teremos cifras ata ben entrando 2008) que permiten establecer esta valoración.

Poñendo termo a unha senda continuada de crecemento que arrincou en 1997 –e que viña a significar unha superación gradual da crise de financiamento global das políticas de axuda–, en 2006 produciuse unha caída do 4,5% na AOD dos países membros do CAD (Comité de Axuda ao Desenvolvemento), que baixou ata os 104.400 millóns de dólares, é dicir, ata o 0,31% da súa riqueza.

Aínda que este descenso estaba previsto, xa que en 2005 a AOD medrara de xeito moi acusado pola asistencia humanitaria fronte ao tsunami do sudeste asiático e polas condonacións de débeda (sobre todo en favor de Iraq e Nixeria) adoptadas polo Clube de París, o certo é que está a xerar un clima de escepticismo sobre o nivel de compromiso real dos donantes co cumprimento dos ODM (Obxectivos do Milenio). Sobre todo, porque esta caída está acompañada dun crecente peso relativo da condonación de débeda na composición dos fluxos de axuda. A combinación dos dous factores fai perigar os compromisos multilaterais dos donantes de incrementar en 50.000 millóns de dólares en termos reais a axuda anual para 2010 e de

dobrar os recursos dirixidos a África no mesmo período.

A persistencia deste considerable déficit de financiamento das políticas de axuda contribúe ao estancamento no proceso de consecución dos ODM e, con carácter máis xeral, de loita contra o subdesenvolvemento, como pon de manifesto a escasa evolución –sobre todo na rexión subsahariana– dos indicadores relativos a redución de pobreza e indixencia, mortalidade infantil ou avance do SIDA.

Respecto ás dimensións institucionais máis inmediatas para o entorno do sistema galego de cooperación cabe salientar que a evolución da cooperación da UE durante 2007 veuse ensombrecida pola persistencia dos problemas de coherencia entre as políticas comunitarias, que teñen a súa última manifestación nas dificultades da UE para pechar os novos Acordos de Asociación Económica (que deberan estar asinados en virtude do réxime de Cotonou o 31 de decembro deste ano) cos países ACP (África, Caribe e Pacífico), por razón, sobre todo, das reticencias dos países africanos ao impacto negativo que vaia a ter a liberalización comercial recíproca sobre as súas economías.

A nivel estatal, o balance do último exercicio da AOD española pode ser considerado de forma máis inequívoca como positivo, en función do decidido incremento dos volumes de axuda e da intensificación da cooperación multilateral, particularmente robusta no último ano cos organismos non financeiros da ONU.

Neste panorama de claroscuros, é particularmente sombría tanto a evolución da cooperación galega durante 2007 como, sobre todo, as súas perspectivas para o ano en-

trante. A pesar do compromiso expresado no Plan Director 2006-2009 de elevar a AOD autonómica ata o 0,4% do orzamento ao remate do período de referencia, nin en 2007 nin ao longo de 2008 a Xunta vai chegar a asignar o 0,1% a esta partida inversora.

4.6. Comercio internacional: crece pero abanea

Por *Fernando Bruna*

O 1 de xaneiro do 2008, o sistema multilateral de comercio (GATT/OMC) celebra o seu 60 aniversario. A OMC reflexiona sobre este período no seu “Informe sobre el Comercio Mundial 2007”. E faíno nunhas circunstancias difíciles:

- A incógnita sobre o peche do Acordo de Doha, que se pospón xa para finais do 2008.

- A crecente divulgación das críticas sobre ese período e sobre o sistema multilateral de comercio, lexitimadas por figuras como o Premio Nobel Joseph Stiglitz, no seu libro “Comercio Justo para Todos” (2007)⁽¹⁾.

- O actual contexto internacional de altos prezos do petróleo.


- A asimilación dos cambios en marcha na estrutura do comercio internacional.

En canto a isto último, constátase o seguinte:

- No 2005 as economías asiáticas representaron xa máis da metade das exportacións e máis do 40% das importacións mundiais de produtos de tecnoloxía da información

(ver gráfico 1), o que confirma a reformulación do mapa tecnolóxico mundial da década anterior. En canto a Europa, que supón ao redor de un terzo do comercio mundial destes produtos, é de destacar que a República Checa, Hungría, Polonia e outros países recentemente adheridos á UE téñense beneficiado do desprazamento dunha parte da produción europea destes produtos.


Gráfico 1
Comercio mundial de produtos de tecnoloxía da información por rexións, 2005



Os desequilibrios comerciais mundiais son crecentes (ver gráfico 2) e semella que duradeiros. O déficit comercial de EEUU ten actuado como factor de demanda para o resto do mundo, o cal é tamén un factor de risco

(1) Ver a súa interesante presentación de diapositivas de novembro de 2007: http://www2.gsb.columbia.edu/faculty/jstiglitz/download/speeches/Globalization/Making_Globalization_Work.ppt (Sir Winston Scott Memorial Lecture, Central Bank of Barbados).

Gráfico 2
Balanza en conta corrente de determinadas economías, 1998-2006
 (Miles de millóns de dólares)



Fonte: FMI, Perspectivas da economía mundial (base de datos), setembro de 2006.

para o crecemento mundial. A OCDE prevé (decembro 2007) que tras o déficit por conta corrente de EEUU do 6,2% do PIB no 2006, o 2007 rematará cun 5,6, e o 2008 cun 5,4%, aínda elevado.

Tamén se debe destacar a firme posición das potencias emerxentes, como Brasil, India ou China, que inflúen en acordos e asociacións como o G-20, o Grupo Cairns, o G-30 ou o G-90. Maníféstanse nas controversias das negociacións comerciais internacionais sobre os apoios da UE ao sucre, ou os de Estados Unidos ao algodón.

No aspecto cuantitativo, segundo o FMI, o comercio mundial tense multiplicado por cinco en termos reais dende 1980, e a súa proporción no PIB mundial aumentou do 36% ao 55% durante este período, o que argumenta de novo o proceso de globalización. Recentemente, o FMI apostou por un crecemento do comercio mundial relevante para o 2007 e o 2008, en torno ao 6,5%, aínda que inferior ao 9,2% do 2006 e ao 7,5% do 2005.

En síntese, o crecemento do comercio mundial semella sólido. Pero os seus fundamentos están alterándose estruturalmente neste 60 aniversario do sistema multilateral de comercio. O profundo cambio tecnolóxico que hai detrás da globalización, a causa última dos actuais cambios económicos e políticos mundiais, está creando un xogo de poderes do que só se pode agardar un aumento de conflitos e o seu posterior re-equilibrio (Doha?). Tamén, por outra banda, xorden oportunidades, especialmente no eido das tecnoloxías e recursos medioambientais.